El equipo que gana había retirado a su delantero, zurdo y rápido, para proteger la ventaja con otro defensa; el contrario da entrada a un jugador alto, aunque poco hábil con los pies, que al final remata un córner de cabeza y pone a su equipo por delante 3 a 1.

Algo así no sería posible porque es contrario a la publicidad de las normas y la seguridad jurídica: las reglas deben conocerse de antemano para que tomemos nuestras decisiones conforme a ellas, y no pueden cambiarse a mitad de partido.

Si el árbitro hubiese decidido no sancionar ese día el uso de las manos para tocar el balón a quien no fuese portero, actuaría de modo contrario al principio de lega-



lidad, que significa que las reglas no solo existen, sino que no pueden dejar de aplicarse.

Y si la federación de fútbol publicase una semana después una regla que castigue con expulsión directa toda falta en el área y con esa norma decidiese revisar los partidos de la jornada anterior y expulsar a todos los jugadores que hubieran cometido esas faltas cuando esa regla no existía, violaría la garantía de irretroac-

tividad, porque las disposiciones sancionadoras no pueden aplicarse a hechos ocurridos antes de su aprobación.

Cuando tenía 13 años arbitré por primera vez un partido de voleibol, que era un deporte que practicaba y cuyas reglas conocía bien. Aunque entonces no podía saberlo, fue mi primera práctica de derecho.

Álex Martín es abogado.

XORNALISMO NA ESCOLA

Explorando as oportunidades de negocio da economía de Arzúa

É a proposta dos alumnos de Márketing e Publicidade da EFA O Piñeiral

M. P. V.

Probaron o curso pasado e repetiron. A EFA O Piñeiral, de Arzúa, volveu propoñer aos seus alumnos do ciclo superior de Márketing e Publicidade, desta volta de primeiro curso, que se converteran en xornalistas. «A experiencia do ano pasado foi moi satisfactoria, neste ciclo tentamos que desenvolvesen habilidades complementarias no tema da escrita, e que coñezan o mundo dos medios, porque son cousas que probablemente van empregar na súa actividade laboral, e esta iniciativa ofrece unha boa oportunidade de traballar ambos temas», explica a coordinadora, Inma Carbia.

O tema decidiuse por votación na aula, cunha maioría de rapaces que querían explorar o territorio no que está o centro dende o punto de vista das súas oportunidades económicas e de negocio. «É curioso, porque dos vinte que son, ningún é de Arzúa, pero é certo que aquí traballamos moito a promoción rural e eles xa entraran en contacto con al-



Os alumnos durante a entrevista á responsable da empresa Galmesán. PACO RODRÍGUEZ

gunhas empresas, e quedaralles a espiñiña de ver qué se cove aquí en Arzúa ademais do queixo», destaca Carbia.

Descubriron, e descubrirannos a todos, que hai moito máis: a importancia do comercio local, do sector turístico, pero tamén de iniciativas innovadoras no sector da moda ou da construción, entre outras.

Á hora de traballar, o alumna-

do organizouse en grupos para localizar fontes de datos, empresas coas que falar, facer o tratamento fotográfico e unha infografía que acompaña a reportaxe.

«Cimentaron as dinámicas de traballo en grupo, entenderon o labor dun xornalista, importante para eles, que viven nun mundo de tan-

tofake, aprenderon a discernir información de opinión, pero sobre todo foi xenial ver a rapaces tímidos falar con soltura



Escana o código para ler o artigo

con empresarios aos que non coñecían. Gañaron moita confianza, e iso vailles vir moi ben agora que empezan as prácticas en empresas», resume Inma Carbia.

LA VOZ EXPLICA

Estatística e Hume para seguir preparando a selectividade

LAURA PLACER

Unha semana máis, os profesores dos tiktoks de @lvexplica desvelan o misterio dalgún dos exercicios que caen na selectividade.

■ **Os comentarios de Hume**
Coñeces a filosofía de Hume? Xosé Manuel Domínguez, profesor no IES de Salvaterra, fáliche no seu último vídeo do principio de derivación e copia, o que explica como as impresións se convierten en ideas na nosa mente. É moi importante que o coñezas se queres superar a PAU sen sobresaltos!

■ **Pregunta de estatística e álgebra para Mates Aplicadas**
Se estudas Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais, interesárase saber como se resolve a pregunta de estatística e álgebra que cae no exame. Manuela Ures, profesora no IES Eduardo Pondal de Ponteceso, cóntache, paso a paso, como facer un dos exercicios que máis adoitan caer nas probas. Colle lapis e papel e inténtao ti!



Escanando este código QR podes acceder aos vídeos dos profesores que explican cuestións sobre a PAU.

ENREDEIRADAS

Por que a este home lle dá todo igual?

«O estranxeiro», primeira novela de Albert Camus, é filosofía de cine en branco e negro

ANA ABELENDA

Ante as grandes catástrofes do mundo e as pequenezas de cada persoa no mundinho particular é tentador acomodarse nesa célebre cita de Sartre que di: «O inferno son os outros». Son uns e outros non, tal como pican ou non segundo cal os pensamentos de Padrón. Pero antes de queimarnos nese inferno no que é case imposible separarnos dos demais é interesante volver, sen temor ás preguntas, sen violencia e emocións mocalleiras, á filosofía dun inimigo íntimo do autor de *El ser y la nada*, Albert Camus (Mondovi, Arxelia, 1913-Villeblevin, Francia, 1960).

Hoxe é preciso dubidar, tremer con Camus, ver a forza e o poder íntimo do seu pensamento en branco e negro, moito máis que dicir unha e outra vez en bucle o mesmo sobre Trump por

que é o que queda ben e xa está. Ler e ver a Camus no filme que fixo sobre *O estranxeiro* un dos directores que máis incomodan polo de facernos pensar saíndo dos nosos marquiños mentais, François Ozon, fai resoar hoxe a frase central da novela. Esa frase de terror sae varias veces tamén na película de Ozon: «He matado a un árabe». Un exemplo que dá conta do sintacticamente correcta que pode ser a violencia verbal. A frase de *O estranxeiro* é tan literal que non hai máis que dicir.

Meursault, o protagonista de *O estranxeiro*, vai a xuízo por matar, pero é condenado non por iso, senón polo «crime» de non sentir. Ou, máis ben, por non participar do teatro sentimental que toca no loito pola nai. Pero senten os demais? En *O estranxeiro*, os demais actúan cumprindo cada cal o seu papel nese inferno,



Benjamin Voisin na adaptación de «O estranxeiro» que fixo Ozon.

sen afrontar a verdade. Non o fan mal. A eles a verdade é o que lles dá igual. É Meursault o único fóra de xogo por non mentir. Hai unha rebeldía criminal na súa postura, que só parece posi-

ble mudar con amor, coa verdade do amor fronte á tribo social.

Camus dixo que a gran desgraza da vida era non amar. Meursault semella capaz. Pero desa posibilidade natural do amor o

afastan a inercia do seu mundo e os intereses e mentiras dos demais. A esa posibilidade de amar aferrámonos mirando os seus ollos (os do actor que o interpreta na peli de Ozon, Benjamin Voisin) cando ven a Marie (Rebecca Marder). Meursault cambia con Marie. Marie é o sol, un baño efémero, un espellismo de día de praia, para Meursault, o autómatas ao que todo lle dá igual. Por que? Co filme de Ozon talvez se pode entender algo máis. Nesa apatía aniñan como verme a violencia covarde e trapalleira dos demais, o alzhéimer e a morte da nai, a fría realidade funcional, o feito de ser estranxeiro no Arxel colonial pero tamén en si mesmo... Para sentir a forza do «non» rebelde ao que nos invita Camus fronte á injustiza e a mentira hai que atreverse a entrar na obra mestra de Ozon.

CIENCIA E FUTURO

As tres investigadoras detrás dun herbicida natural: «Somos un quebracabezas, compaxinamos moi ben»

Visitaron o IES San Tomé de Freixeiro para falar do seu prometedor traballo en equipo

C. MARTÍNEZ

A última das visitas de profesionais da rama de ciencias que sirven de inspiración para os alumnos galegos tivo varias protagonistas: Carolina González, Nuria Pedrol e María Pardo. Tres investigadoras da Universidade de Vigo que visitaron o IES San Tomé de Freixeiro de Vigo no marco do programa De 0 a 100, que La Voz leva a cabo en colaboración coa Consellería de Educación. Elas viron a necesidade de expor unha alternativa aos herbicidas tradicionais e hoxe, quince anos despois, acaban de patentar un sistema que non só acaba coas malas herbas, senón que tamén nutre o solo.

Carolina González contou que sempre tivo claro que quería «achegar algo á sociedade», poñer o seu gran de area. O seu soño sempre foi curar enfermidades, sobre todo na época na que estaba estudando: «Recordo que acababan de descubrir as terapias xénicas». Con ese obxectivo estudou Bioloxía. Pero durante a carreira tivo como profesora a Nuria Pedrol (ao igual que María), que a animou a investigar no eido dos herbicidas. Pola súa banda, Nuria contou que, cando era estudante, como o público da charla, máis que ter claro que quería ser bióloga, sabía dende pequena que quería dedicarse á docencia. E así foi. A medida que foi estudando o grao namorouse das plantas. «Por iso, máis tarde, especialiceime en bioloxía vexetal». A última en falar sobre os seus inicios foi María Pardo, que



De esquerda a dereita: María Pardo, Nuria Pedrol e Carolina González, da Universidade de Vigo.

xustamente tamén estudou no IES San Tomé de Freixeiro. «Estudei bacharelato aquí, na rama de ciencias. Gustábame a natureza, pero especialmente os animais. A miña intención era dedicarme á veterinaria, pero non me deu a nota de corte», relatou. Entrou en Bioloxía coa intención de facer unha ponte a Veterinaria: «Nunha clase, diseccionando un rato, dinme conta de que non era o meu: acabei Bioloxía».

A día de hoxe, as tres forman parte do Equipo de Investigación en Bioherbicidas pertencente ao Grupo de Agrobioloxía Ambiental da Universidade de Vigo. O seu traballo investigador acadou unha alternativa natural fronte aos herbicidas de síntese química.

Pedrol, bióloga e profesora de González e Pardo, decatouse do problema de empregar herbicidas no campo. «O seu uso, se é indiscriminado, pode provocar resistencias, algo semellante ao que ocorre cos antibióticos. No noso caso non se trata de bacterias, senón de malas herbas que cada vez se fan máis fortes, obrigando a doses máis altas que poden ser prexudiciais para o solo», indicou.

Acabar cas malas herbas

Así, o camiño para controlar as malas herbas empezou a marca-lo Carolina co seu traballo de fin de mestrado, no que estableceu a capacidade herbicida no proceso de degradación das follas de eu-

calipto sobre o terreo. «É tamén unha forma de aproveitar unha biomasa dun proceso industrial, o de obter da árbore pasta de papel (tamén coñecida como celulosa), que non tiña un uso concreto. Complétase un proceso de valorización e economía circular», indicou ao respecto.

Que ingredientes ten este herbicida? A fórmula está baseada no fenómeno da alelopatía, polo que as plantas liberan compostos químicos que inflúen no crecemento, supervivencia ou reprodución doutros organismos. Se ben a mellorou aínda máis María Pardo. Ela comprobou no laboratorio que o toxo e a xesta, tamén plantas desbotadas nas rozas, tiñan propiedades aptas para o control das ma-

las herbas: «Empregadas conxuntamente co eucalipto melloran a súa eficacia».

O último ingrediente desta fórmula é a menta. O resultado está á espera de que unha empresa o poña en valor e o comercialice. «Os propios xigantes do sector poderían ofrecelo como alternativa natural», sinalaron. As tres pensaron incluso nun acabado útil para a venda do seu herbicida de preemrancia (é dicir, botaríase na terra antes do cultivo sen deterioralo), en forma de pequenos granulados.

Unha vez que souberon que o seu produto funcionaba, foi cando se propuxeron patentalo. «Facer unha patente ten un hándicap importante: dende que se che ocorre a idea e tes o produto non podes publicar absolutamente nada porque o primeiro exame que che fan os avaliadores da patente é si é novidade, si é a primeira vez que se fai iso, se a ninguén se lle ocorreu antes. É moi sacrificado», detallou Pedrol.

Traballo en equipo

Pedrol falou da importancia de traballar en equipo. «Nós as tres facemos un equipo que é como un quebracabezas: as debilidades e fortalezas dunha compaxinanse coas da outra; ou como un tallo de tres patas. E funcionamos moi ben así». Con todo, tamén abordaron as dificultades que existen a nivel laboral na investigación. «Temos a sorte de facer o que nos gusta, pero non temos estabilidade laboral», lamentan María e Carolina.

CONCURSOS PRENSA-ESCUELA

Tres retos para poñer o broche final a este curso

Última oportunidade para que os alumnos amosen o seu talento e creatividade

A. ALFONSÍN

O curso escolar entra na súa recta final e, con el, chegan os últimos concursos mensuais do Programa Prensa-Escuela dirixidos a alumnos de ESO, FP e bacharelato, unha proposta que anima a reflexionar, crear e expresarse a través de distintos formatos. Antes de que rematen as clases, aínda quedan tres oportunidades para participar. A primeira delas xa está en marcha. O concurso de pódcast mantén aberto o prazo de participación ata

o vindeiro 29 de abril. Neste reto, os estudantes deberán elaborar un audio de non máis de cinco minutos sobre un tema de libre elección, unha proposta que lles permite expresar a súa creatividade e experimentar coa linguaxe sonora.

Os traballos poderán presentarse de forma individual ou en parella e poderán gravarse en castelán ou en galego. Os audios deberán enviarse en formato MP3 ao correo concursos@prensaescuela.es, acompañados

dos datos básicos do participante: nome completo, centro educativo, idade e curso, así como do nome do profesor ou profesora e un teléfono de contacto.

O formato pódcast, cada vez máis presente no día a día da mocidade, ofrece unha oportunidade para traballar a expresión oral, a planificación de contidos e o uso de ferramentas dixitais nun mesmo proxecto. Na edición do pasado curso, preto dun centenar de estudantes animáronse a participar con propostas moi varia-

das, desde temas sociais ata contidos divulgativos ou creativos.

As dúas últimas propostas

Coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, o reto do mes de maio, aberto do 30 de abril ao 20 de maio, propón un exercicio de reflexión arredor da lingua. Os participantes deberán escoller a súa palabra favorita en galego e explicar por que lles é especial, nunha proposta sinxela na forma, pero que convida a afondar no valor das palabras e

na relación persoal coa lingua.

O derradeiro dos concursos (aberto entre o 20 de maio e o 5 de xuño) propón botar a vista atrás e facer balance do curso 2025-26. Neste caso, os alumnos deberán redactar unha recensión na que recolla o máis destacado do ano académico, o que aprenderon ao longo dos meses e tamén dar algún consello aos estudantes que ocuparán o seu lugar o vindeiro curso. Este exercicio pecha o calendario de concursos mensuais de Prensa-Escuela.

ESCUELA DE MEDIOS

La desinformación, otra arma en la guerra de Irán

Las herramientas de inteligencia artificial dificultan distinguir entre realidad y ficción

CÉSAR RODRÍGUEZ

A lo largo de la historia, las guerras se han librado con armas de todo tipo, y también con propaganda, desinformación o narraciones falsas. Se emplean para confundir al enemigo o desacreditarlo. O para generar simpatía y mejorar la imagen de un bando ante el resto del mundo. Hace cientos de años se utilizaban arte iconográfico, cantares de gesta, sermones, sátiras, trovadores o bardos. Hoy el arsenal ha cambiado. Consiste, básicamente, en memes, deepfakes (vídeos trucados o falsos) y bulos.

El conflicto que libran Estados Unidos, Israel e Irán es un manual de cómo utilizar las redes sociales para difundir desinformación. Y de cómo usar las actuales herramientas de inteligencia artificial para confundir e impedir que podamos distinguir lo que es cierto de lo que no.

dounidense F-15 que sobrevolaba su territorio y otro avión en el golfo Pérsico. El Pentágono inició entonces una operación para rescatar a sus pilotos y evitar que los capturaran los iraníes. Empezaron a circular vídeos e imágenes de aparatos derribados y de pilotos capturados falsos. Algunos eran de la guerra de Siria, otros fueron creados con inteligencia artificial. Lo detectaron herramientas de detección como Hive, que puede probar cualquier usuario solo con subir un archivo. La tecnología, que no es buena ni mala, ayuda a crear fake news, pero también a identificarlas.



■ **Falsos trumpistas de IA.** Donald Trump es cada vez más popular en Estados Unidos. Y en

plataformas como TikTok, Instagram, Facebook o YouTube han aparecido en las últimas semanas decenas de avatares hechos con inteligencia artificial que se hacen pasar por influencers, defienden al republicano y dicen mensajes como «Si respaldas a Trump, has hecho un amigo». Los detectó *The New York Times*. Algunas publicaciones tuvieron cientos de miles de visualizaciones en las redes.

■ **Memes de las embajadas.** Las cuentas en redes de las representaciones diplomáticas de Irán en otros países actúan de forma coordinada para propagar el punto de vista del régimen islamista sobre la guerra. En muchos casos usan el humor visual (en forma de memes) para ridiculizar a Donald Trump, que también hace vídeos con inteligencia artificial, y para desviar la atención: los iraníes son víctimas de la guerra y de la represión de sus gobernantes.



Una charla sobre desinformación, organizada por el Programa Prensa-Escuela en colaboración con el Plan Social de Ence, en la Facultade de Comunicación de Pontevedra. Foto: Miguel Puebla

■ **La era del AI Slop.** Crear imágenes falsas es hoy más fácil que nunca. La inteligencia artificial permite hacerlo de forma masiva a un coste bajo, una cali-

dad muy baja y escasísima fiabilidad. Es el fenómeno que se llama Slop, que inunda internet y, sobre todo, las plataformas sociales con contenido basura.




DESAFÍOS DEMENTE!

por Agustín Fonseca (pasatiempos.ijlab.es)

Reto N.º 3 ★★★★★

PERSPECTIVA


▶ Afina tu vista y capacidad de perspectiva para hallar para cada construcción su lado izquierdo y derecho.
Ejemplo: Figura A=Izquierdo: 9, Derecho: 11



Reto N.º 5

REINAS


★★★★★
▶ Ubica a las reinas sin conflicto: Coloca una reina en cada uno de los 7 reinos delimitados por líneas gruesas. Las reinas no deben atacarse entre sí: no puede haber más de una por fila, columna o diagonal.



Reto N.º 6

FLOR DE PALABRAS

★★★★★
▶ Coloca dos letras en el centro de la flor de manera que, con las existentes, se puedan formar cuatro palabras.




¿Sabías que...?

En la Luna hay huellas humanas que durarán 100 millones de años: Sin viento ni lluvia que las borre, las pisadas del Apollo 11 permanecerán intactas más tiempo que cualquier monumento humano.

Reto N.º 7


HEREDADAS

★★★★★
▶ Cada rosca esconde una palabra que se puede leer en el sentido de las agujas del reloj o al revés. Cuando resuelvas la primera de la izquierda, traslada la letra nueva a la casilla de la siguiente rosca indicada por la flecha y así sucesivamente con las demás.



PUNTO DE VISTA


★★★★★
▶ Indica cuál de las imágenes de la derecha se corresponde con la vista superior de la figura maestra.



Reto N.º 1

CUENTA CUBOS


▶ ¿Cuántos cubitos faltan para completar un gran cubo de 4x4x4 cubitos?



Reto N.º 4

CONECTA

★★★★★
▶ El objetivo es formar caminos entre todas las casillas numeradas de manera que cada uno comience y termine en las que tienen el mismo número. Los caminos no pueden cruzarse entre sí y todas las casillas del tablero deben utilizarse en algún recorrido.





DÍA MUNDIAL DA ASTRONOMÍA

TEXTO ORDINARIO

Unha cita coas estrelas, os planetas e os cometas

S. P.

A astronomía é a ciencia que estuda a formación e a evolución dos astros e o espazo en que se moven. De que estamos a falar? Pois dos planetas, as estrelas, as galaxias, os cometas, os meteoritos, os buracos negros... De todas as ciencias, esta é unha das máis antigas porque xurdiu no momento no que deixamos de ser nómades e nos asentamos nun lugar durante tempo. Sabedes que un dos primeiros compases que usaron os exploradores foron as estrelas?

A quen lle guste observar o ceo e a ciencia espacial está de parabéns porque o Día Mundial da Astronomía celébrase dúas veces ao

ano, como moitas outras efemérides das que xa falamos por aquí. Neste caso, unha durante a primavera e outra nos meses de outono. O habitual é que sempre sexa un sábado cando a Lúa está en cuarto crecente, porque é cando o ceo está o suficientemente escuro como para observar as estrelas e a Lúa a través dun telescopio. Din os expertos que este é o momento no que mellor se aprecian os seus cráteres (aquelas depresións formadas tralo impacto de meteoritos, asteroides ou cometas a gran velocidade sobre a superficie da Lúa). Falando deste satélite, hai algo máis dunha semana que volveron os astronautas da NASA de

ver a súa cara oculta e compartir as primeiras imaxes.

A desta semana é a primeira xornada de celebración do Día Mundial da Astronomía, que será o 25 de abril. Cada festexo forma parte da Semana da Astronomía, na que adoitan organizarse actividades para todos os públicos, dende os principiantes até os especialistas. A historia deste día remóntase ao ano 1973, grazas a unha iniciativa de Doug Berger, quen naquel momento ocupaba o cargo de presidente da Asociación Astronómica de California do Norte. O seu obxectivo era achegar as persoas á observación do ceo e o universo, pero tamén tiña

a intención de animar as novas xeracións a interesarse pola ciencia.

Din os expertos no tema que a mellor maneira de pasar este día é saíndo á rúa e mirando cara ao ceo, nada máis sinxelo ca iso. Os astrónomos cóntannos o que podemos observar durante esta semana: primeiro, a aliñación de catro planetas. Mercurio, Marte, Saturno e Neptuno estarán moi xuntos no ceo. Por certo, sabedes cantos planetas hai? Son oito, dende os máis próximos ao Sol: Mercurio, Venus, Terra, Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno. Clasifícanse en interiores e exteriores. Igual vos estades preguntando que pasa con Plutón, pois actualmen-

te considérase un planeta anano.

Tamén durante esta semana haberá un cometa (que é un corpo celeste que orbita arredor do Sol constituído por un núcleo de xeo e rochas e unha cola formada por gas e po) moi brillante. Pode que incluso se chegue a observar a simple vista, sen necesidade de aparatos. Outro fito será a chuvia de meteoros das líridas de abril, que alcanzan o seu punto máximo hoxe mércores e poden producir ate 18 meteoros por hora.

O lema desta xornada é «Un po-bo, un ceo», difundido pola Organización Astrónomos sen Fronteiras. A próxima cita coa astronomía será o 19 de setembro.

TEXTO LECTURA FÁCIL

O 25 de abril celébrase o Día Mundial da Astronomía.

A astronomía é unha ciencia moi antiga.

A astronomía estuda o universo.

O universo está formado por planetas, estrelas e meteoritos.

No sistema solar hai 8 planetas.

Esta semana podemos ver no ceo:

- A aliñación de catro planetas: Mercurio, Marte, Saturno e Neptuno.
- Un cometa moi brillante.
- Unha chuvia de meteoros.

TEXTO EN PICTOGRAMAS

